



**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO DE DATA
VINTESETE DE SETEMBRO DO DOUS MIL DEZASETE.**

No Concello de Campo Lameiro o día vinteseite de setembro do dous mil dezasete, ás catorce horas quince minutos e baixo a Presidencia de D. Julio G. Sayáns Bugallo, Alcalde da Corporación, reúnen no salón de sesións da Casa Consistorial os señores concelleiros que se relacionan de seguido, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno convocada para este día.

ASISTENTES

Alcalde- Presidente

D. Julio G. Sayáns Bugallo

Concelleiros

Don Carlos Costa Domínguez

Dña. M^a José Viña Mourín

Don Alberto Maquieira Fernández

Dña. M^a de las Nieves Boullosa Ferrín

Dña. Silvia Laredo Quinteiro

Dña. Paz Vidal Fontenla

Don Adrián Vidal Fontenla

Secretario

Dña. Mercedes González Budiño

Dá fe do acto Dña. Mercedes González Budiño, Secretaria da Corporación.

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR.-

Non formulándose alegacións ó Acta da sesión anterior, de data 03-07-2017, queda aprobada por unanimidade.

2.- EXPROPIACIÓN DE TERREOS EN REDONDE - APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE BENS E DEREITOS DE NECESARIA OCUPACIÓN AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DE DO PROXECTO DE “ENSANCHE DE VIARIO EN REDONDE” E SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN.

Visto o expediente tramitado para a expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras de “ENSANCHE DE VIARIO EN REDONDE”.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia nº 145 de data 31 de xullo de 2017, así como anuncios en prensa local, Diario Faro de Vigo de data 31 de xullo de 2017, aparece anuncio no que se expón ao público a relación de bens e dereitos relativos ao expediente de expropiación forzosa para a execución do proxecto técnico das referidas obras.



Resultando que, durante o prazo de exposición de 15 días contados dende o día seguinte da publicación do anuncio no B.O.P. en un xornal de difusión provincial se presentou unha única alegación, segundo se acredita por informe da secretaría da Corporación, presentada por D. José Corbacho Silva.

Resultando que tamén foi practicada notificación individualizada aos interesados.

O Pleno do Concello, de conformidade co ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas e Patrimonio, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar en parte a única alegación producida, por parte de D. José Corbacho García, por canto a parcela actual se atopa destinada na súa totalidade a usos de cultivo de millo.

Urbanisticamente a parcela 140 do núcleo de Redonde, de 366,00 m² presenta unha superficie menor da mínima esixida polo planeamento urbanístico de Campo Lameiro – que son 600 m². – e non cumpre coa excepción de que esté xa edificada para que poida ter unha superficie menor urbanisticamente, polo que cabe concluír que, ao non cumprir a parcela primitiva os requisitos mínimos establecidos para a súa urbanización, a parcela resultante trala expropiación, tampouco as cumpriría. Polo que non se causa prexuízo algún a nivel urbanístico.

Agrícolamente, se xustifica prexuízos causados por cultivos cesantes respecto da porción de terreo a expropiar, e se presta conformidade á valoración por prexuízos ocasionados por ditos cultivos cesantes, segundo informe emitido pola enxeñeira técnica agrícola Ruth Paz Rodríguez, polo importe de 86,96 euros.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o proxecto de “Ensanche de Viario en Redonde”, redactado por PROINARTE XXI, S.L., cun orzamento de 25.502,21 euros.

TERCEIRO.- Aprobar a relación concreta, individualizada e valorada dos bens e dereitos a ocupar necesariamente para a execución das obras, e que se expresan ao final do presente acordo, así como a identificación nominal dos interesados cos que se deberá entendernos sucesivos trámites.

CUARTO.- Considerar que, co actuado, queda demostrada a necesidade de ocupación dos bens e dereitos a que se refire este expediente, e, polo tanto, se acorda a necesidade de ocupación dos mesmos, considerando que este acordo inicia o expediente expropiatorio.

QUINTO.- Proceder á publicación deste acordo na forma a que se refire o artigo 21 en relación co art. 18 da Lei de Expropiación Forzosa, con notificación persoal aos interesados, a efectos de alegacións, invitándoselles para que propoñan un prezo que propicie a adquisición por mutuo acordo.

Caso de que non se producisen alegacións, considerarase aprobada definitivamente esta relación e iniciado o expediente expropiatorio; e de producirse, emítase informe técnico sobre as mesmas

RELACION INDIVIDUALIZADA DE BENS E DEREITOS AFECTADOS
CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO/ LUGAR DE REDONDE:



CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

FINCA: Parcela con referencia catastral 36007*027001400000DL sita no lugar de Redonde

PROPIETARIO/TITULAR: D.- José Corbacho García. DNI nº 35.223.873-V

DESCRIPCIÓN FINCA/PARTE DE FINCA A EXPROPIAR: Parte de finca de 145,05 m2 pertencente á finca matriz cunha extensión de 366,00 m2 situada en solo de núcleo sen categorizar, destinada a uso agrícola sita no lugar de Redonde, Parroquia de Santa María de Fragas.

A finca matriz ten unha extensión real total de 366,00 m2.

LINDES: Norte: vía municipal (Rfa. 1C.1.0252 do Inventario Municipal de Camiños);

Sur: Parcela coa referencia catastral 36007AO2700141; Este e Oeste: Parcela coa referencia catastral 36007AO2700139

ESTADO XURÍDICO. Pertence por documento de apartación segundo escritura autorizada polo Notario de Caldas de Reis D. José M^a Graíño Ordoñez en data 22 de agosto de 2003

CARGAS OU GRAVÁMENES: Non

VALORACION DO BEN: 2.095,40 EUROS, MAIS 86,96 euros, por perxuízos ocasionados por cultivos cesantes.

SEXTO: Solicitar do Consello da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras contempladas no proxecto técnico de referencia de conformidade co establecido no artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, pola urxente necesidade de dotar ao núcleo de Redonde dun vial, contemplado na normativa urbanística do Concello, cunha anchura suficiente para permitir o tránsito de vehículos, motivado á necesidade de facer fronte ás carencias existentes na zoa, que privan a unha parte do vecindario do acceso a determinados servizos, como é o de recollida de lixo, paso de vehículos tipo ambulancias, bombeiros, así como para permitir a saída dos veciños afectados a un vial de titularidade autonómica, dada a dificultade de tránsito do actual vial existente.

Faise constar expresamente que existen cesións voluntarias de terreos ao Concello doutros veciños afectados pola execución da obra.

3.- EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CREDITOS 2/2017.

Vista a posible aplicación da superávit presupostaria do exercicio 2016, correspondente coa cantidade de 42.582,06 €, se aproba a modalidade de crédito extraordinario para a aplicación da superávit presupostaria con cargo ao remanente de tesourería para gastos xenerais

Visto que con fecha 19-09-2017, se emitiu informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que con fecha 19-09-2017 se emitiu Informe de Avaliación do Cumplimento de Avaliación do Obxectivo de Estabilidade Presupostaria e con fecha 28-06-2017 se emitiu Informe de Intervención, por el que se informou favorablemente da proposta de Alcaldía.

A vista do informe- proposta de Secretaría e o Ditame da Comisión Informativa de -09-2017, de conformidade co disposto no articulo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no articulo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,



o Pleno, a proposta da Comisión Informativa de Contas e Patrimonio, adopta por unanimidade dos membros presentes, o seguinte ACORDO:

PRIMERO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 2/2017 do Presuposto en vigor, na modalidade de crédito extraordinario para a aplicación da superávit presupostaria con cargo o remanente de tesourería para gastos xerais, os detalles son os seguintes:

Os importes aplicados os diferentes destinos en base ao Informe de Intervención son:

2º.Financiar inversións sempre que o largo da vida útil da inversión ésta sexa financeiramente sostible, pola cantidade de 18.496,10 €.

O resumo das aplicacións presupostarias as que se destinará o superávit presupostario según o establecido no apartado anterior será o seguinte:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación Presupuestaria	Descripción	Euros
450.61902	REFORZO CAPA RODADURA NO CAMIÑO RURAL DE SAN ANTONIÑO EN CAMPO LAMEIRO	18.496,10
	TOTAL GASTOS	18.496,10.-

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia, por o prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente se considerará definitivamente aprobado si durante o citado prazo no se houbesen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

4.- ACEPTACIÓN CESIÓN TERREOS EN PAREDES – OBRA SANEAMIENTO DE PAREDES.

Visto que A Xunta de Goberno, en sesión celebrada en data 8 de setembro de 2017 adoptou o seguinte acordou:

Visto que a Comunidade de Monte Veciñal en Man Común do lugar de Paredes se comprometeu ante este Concello para proceder á cesión gratuíta do ben inmovible, non catalogado Monte en Man Común, da súa propiedade con referencia parcela 513 polígono 19, no lugar de Paredes, ben que manifestan é da súa propiedade, en compensación polas obras e melloras realizadas con cargo ao presuposto municipal para levar a cabo as obras de saneamento e instalación de depuradora no lugar de Paredes, en beneficio da totalidade de veciños do lugar.

Visto que con data 6 de setembro se emitiu informe de los Servicios Técnicos en relación a la idoneidade da parcela para aceptación da cesión do ben descrito anteriormente, así como a súa valoración, polo posible gravame que poida supoñer a cesión do ben ao Concello.

Visto o informe de Secretaría de fecha 6 de setembro de 2017 e de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por el Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, a Xunta de Goberno adopta por unanimidade o seguinte ACORDO.:

PRIMEIRO. Aceptar a cesión gratuíta do ben inmovible Parcela 513 Polígono 19 do lugar de Paredes, de uso agrario, cunha superficie gráfica, segundo datos catastrais, de 175



m2 propiedade de Comunidade de Montes en Man Común do lugar de Paredes, en compensación polas obras executadas polo Concello de Campo Lameiro de dotar de rede de saneamento e de depuradora ao lugar de Paredes, conforme aos termos pactados no seu día con todos os veciños do lugar de Paredes.

SEGUNDO. Notificar o presente acordo ao/s propietario/s.

TERCEIRO. o presente Acordo se elevará a escritura pública, e, de seres o caso, se inscribirán no Rexistro da Propiedade, e se anotarán no Inventario de Bens desta Entidade no apartado correspondente.

Por parte do Sr. Alcalde se informa que a cesión pasará a documentarse mediante documento notarial, e que se tratará dunha cesión de uso por período mínimo de 20 anos, ao tratarse dunha comunidade de montes veciñais en man común.

E o Pleno do Concello, conformes coa cesión proposta, acorda, por unanimidade,:

PRIMEIRO.- Ratificar o acordo de aceptación de cesión de uso dos terreos donde se sitúa a depuradora de saneamento do lugar de Paredes, adoptado en sesión ordinaria da Xunta de Goberno do 9 de setembro de 2017.

SEGUNDO.- Proceder á debido inscrición do dereito que se reconece no Inventario de Bens do Concello de Campo Lameiro.

5.- CONTRATACIÓN SERVIZO AXUDA A DOMICILIO – ANO 2018-2020

Vista a proposta formulada de aprobación dos Pregos de Cláusulas Administrativas para a contratación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Campo Lameiro.

Vistos o informe presentado pola traballadora social do Concello, M^a Angeles Tato Blanco dando conta da estimación de custes do SAF para o ano 2017, dando un total de 18.480 euros para acceso a SAF de libre concorrência, e de 62.829 euros para SAF Dependencia, aplicando os prezos vixentes aprobados por acordo do Pleno deste Concello, polas coantías seguintes:

*Hora SAF libre concorrência, con IVE,.. 11,55€.

*Hora SAF Dependencia, con IVE,.. 11,34€

*Horas festivas, con IVE, .. 14,40€

Visto o informe presentado pola traballadora social de Concello, sobre o prezo aplicable do SAF, con proposta de modificación, aportando datos con estudo de prezos do servizo aplicados noutros Concellos lindantes con Campo Lameiro, extraendo deste estudo os prezos de medio resultantes polos seguintes importes:

*Hora SAF libre concorrência, con IVE .. 12,44€

*Hora SAF Dependencia, con IVE .. 12,14€

*Horas festivas, con IVE .. 12,86€

Recomendándose por elo unha subida do prezo/hora do SAF, na modalidade dirixida a persoas dependentes para evitar que queden remanentes no financiamento da Xunta de Galicia.



Visto o expediente tramitado, o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar, a efectos de contratación do servizo, os custes do SAF para o periodo 2018 - 2020, establecendo os importes MÁXIMOS nas seguintes coantías:

*Hora SAF libre concorrencia, con IVE .. 12,94€

*Hora SAF Dependencia, con IVE .. 12,64€

*Horas festivas, con IVE .. 13,56€

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas para a contratación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Campo Lameiro, por procedemento aberto, tramitación ordinaria, sacando a licitación dito servizo, así como o prego de condicións técnicas para a contratación do servizo de axuda no fogar (saf prestación básica e saf do sistema galego de atención á dependencia) no concello de campo lameiro.

TERCEIRO.- Proceder á modificación dos prezos establecidos na Ordenanza Fiscal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar, recollendo os novos prezos establecidos por este acordo, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

6.- APROBACIÓN ORDENANZA XERAL LIMPEZA DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.

Considerando o interese que supón para o Municipio a aprobación da Ordenanza municipal reguladora de Limpeza Viaria, adaptandoa a novos supostos e complementando a normativa anterior aprobada.

Visto o informe de Secretaría de data 20.09.2017 sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir para a aprobación da referida Ordenanza.

Visto o proxecto elaborado polos Servizos Municipais de Ordenanza municipal reguladora de Limpeza Viaria, solicitado por Providencia de Alcaldía de data 22.09.2017.

O Pleno do Concello, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en sesión ordinaria de data 30.10.2015, previa deliberación, e por maioría, con cinco votos a favor do Grupo do Partido Popular e dous votos en contra do Grupo do Partido Socialista de Galicia, por unanimidade, acorda:

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría de data 20.09.17, o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza municipal reguladora de Limpeza Viaria nos termos que figura no expediente e coa redacción que se recolle de seguido:

ORDENANZA XERAL REGULADORA DA LIMPIEZA VIARIA

TÍTULO I. DISPOSICIONS XERAIS

ARTIGO 1. Fundamento Legal

A tenor do disposto no artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a limpeza viaria é un servizo mínimo obrigatorio cuxa titularidade pertence ao Concello.



No mesmo sentido, a tenor do disposto no artigo 12.5 da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos y Solos Contaminados, se establece que corresponde ás Entidades Locais, ou ás Deputacións Forais cando proceda:

- Como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas no marco xurídico do establecido nesta Lei, das que no seu caso diten as Comunidades Autónomas, e da normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor. A prestación deste servizo corresponde aos municipios que poderán levala a cabo de forma independente ou asociada.

- O exercicio da potestade de vixilancia e inspección, e a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias.

- As Entidades Locais poderán:

- * Elaborar programas de prevención e de xestión dos residuos da súa competencia.

- * Xestionar os residuos comerciais non perigosos e os residuos domésticos xerados nas industrias nos termos que establezan as súas respectivas ordenanzas, sen prexuízo de que os produtores destes residuos poidan xestionalos por se mesmos nos termos previstos no artigo 17.3. Cando a entidade local estableza o seu propio sistema de xestión poderá impoñer, de maneira motivada e baseándose en criterios de maior eficiencia e eficacia na xestión dos residuos, a incorporación obrigatoria dos produtores de residuos a dito sistema en determinados supostos.

- * A través das súas ordenanzas, obrigar ao produtor ou a outro posuidor de residuos perigosos domésticos ou de residuos cuxas características dificultan a súa xestión, a que adopten medidas para eliminar ou reducir ditas características ou a que llos depositen na forma e lugar adecuados.

- * Realizar as súas actividades de xestión de residuos directamente ou mediante calquera outra forma de xestión prevista na lexislación sobre réxime local. Estas actividades poderán levarse a cabo por cada entidade local de forma independente ou mediante asociación de varias Entidades Locais.

ARTIGO 2. Obxecto

O obxecto da presente Ordenanza é a limpeza da vía pública como consecuencia do uso común dos cidadáns, así como as accións de prevención orientada a evitar o ensuciamiento da mesma, a xestión de residuos urbanos que sexan competencia dos Concellos, e canta medida de prevención sexa preciso regular en termos de limpeza.

ARTIGO 3. Obrigados

Quedan obrigados ao cumprimento da presente Ordenanza todos os habitantes do Concello de Campo Lameiro, así como os/as visitantes naqueles aspectos que lles afecten.

ARTIGO 4. Vía Pública

Aos efectos desta Ordenanza se entende por vía pública as rúas, paseos, beirarrúas, prazas, camiños, xardíns, zoas verdes, zoas terrosas, pontes, e demais bens de propiedade municipal destinados a uso común xeral dos cidadáns.

TÍTULO II. LIMPEZA VIARIA

ARTIGO 5. Uso Común Xeral



Queda prohibido arroxar á vía pública papeis, cáscaras, caixas, bolsas o desperdicios de calquera tipo. Estes deberán depositarse en papeleiras instaladas a tal efecto, que os Servizos de Limpeza Municipais baleiraran periodicamente.

Así mesmo, prohíbese arroxar desperdicios á vía pública dende as fiestras e balcóns dos domicilios; tales desperdicios deberán evacuarse xunto cos residuos domiciliarios en bolsas de lixo. Calquera tipo de desperdicio orgánico deberá ser depositado en bolsa pechada nos respectivos contedores de recollida de lixo.

Non se permite tirar auga sucia ou producir derramamentos ou goteos sobre a vía pública, nin derivala cara as redes municipais de augas pluviais ou de saneamento.

ARTIGO 6. Residuos Domiciliarios/ Contedores

1) O Concello recollerá os residuos domésticos xerados en fogares e establecementos de servizos.

Non obstante, poderá obrigar, á persoa ou entidade produtora ou posuidora de residuos perigosos domésticos ou de residuos cuxas características dificulten a súa xestión, a que adopten medidas para eliminar ou reducir ditas características ou a que os depositen na forma ou lugar adecuados

2) Prohíbese depositar os lixos procedentes de actividades domésticas na vía pública, papeleiras ou contedores para escombros de obras. En todo caso, deberán depositarse nos contedores colectivos instalados a tal efecto. Os servizos de limpeza municipais baleirarán coa periodicidade que se estableza polo Concello.

3) Cando así proceda polo volume xerado, características dos residuos ou por localización, o Concello poderá denegar a prestación do servizo de recollida, e a propiedade ou titularidade das industrias estará obrigada, por indicación expresa do Concello, a xestionar os residuos asimilables a urbanos por si mesmos.

Nos supostos nos que non se preste este servizo de recollida municipal, os establecementos estarán obrigados a contar con un contrato subscrito con unha empresa de xestión autorizada e a archivar a documentación que acredite a retirada dos residuos durante o prazo dun ano, debendo por toda esta documentación a disposición do Concello no caso de que este así o solicite.

4) É obrigatoria a separación en orixe das fraccións orgánico, envases lixeiros, papel-cartón, vidro, aceites, pilas, e fraccións de residuos reutilizables para o seu depósito nos contedores correspondentes, quedando prohibido depositar residuos en contedores diferentes aos que lles corresponda.

5) Queda prohibido depositar nos contedores restos de poda e/ou residuos vexetais, escombros procedentes de calquera clase de obra, líquidos, animais mortos ou materiais en combustión.

6) As persoas usuarias están obrigadas a depositar os residuos de modo que non se produzan vertidos. Se como consecuencia dunha deficiente presentación dos residuos se produciran vertidos, quen haxa sido causante do feito será responsable da sucidade e dos prexuízos ocasionados.

7) Prohíbese o depósito de residuos en contedores da vía pública que polo seu tamaño, obstrúa a boca de recepción dos mesmos.

8) Os/as usuarios/as do servizo están obrigados a depositar o papel e o cartón dentro dos contedores de cor azul normalizados que o Concello destinou a tal efecto. O cartón entregárase debidamente pregado.



O concepto de papel/cartón incluírá periódicos, revistas, libros, sobres, propaganda, papel administrativo, caixas e embalaxes de cartón e todos aqueles residuos que catalogue ECOEMBES como residuo de papel e cartón que conteñan o logo do punto verde. Prohíbese entregar có papel/cartón outro tipo de material que non sexa papel ou cartón limpo, especialmente plásticos, briks, papel sucio, etc.

9) O vidro depositarase no iglú verde.

O concepto de vidro incluírá botellas de vidro, botes de conserva, e en xeral, todos aqueles envases de vidro que levan o logo «puntoverde» de Ecovidrio.

Prohíbese entregar có vidro outro tipo de material que non sexa envases de vidro, especialmente lámpadas fluorescentes, espellos e xanelas, pratos e vasos de cerámica.

10) Os/as usuarios/as do servizo están obrigados a depositar os envases lixeiros dentro dos contedores de cor amarelo normalizados que o Concello teña destinado a tal efecto.

A fracción de envases lixeiros incluírá envases de bebidas, produtos de limpeza, botes de conserva metálicos, latas de bebidas, iogur e similares, aceite e vinagre, xampú, xel e similares, bolsas de plástico, envases de leite, zume, viño e tomate, botes de spray, bandexas de plástico, de poliespán e de aluminio, tapas e tapones, bolsas de boiería ou lambonadas, blíster, fixadores de packs de latas e botellas, tubos de pasta de dentes e similares, e en xeral, todos aqueles envases de metal, brik e plástico que levan o logo «puntoverde» de ECOEMBES.

Prohíbese entregar cós envases lixeiros outro tipo de material que non sexan envases lixeiros limpos, especialmente envases de vidro, perchas, xoguetes, bolígrafos e rotuladores, tixolas, cazolas e utensilios de enxoval, cepillos de dentes, pequenos electrodomésticos (pranchas, secadoras), discos ou cintas de datos, audio ou vídeo (CD, DVD, VHS, vinilo), e en xeral outros elementos similares que se poidan determinar por analoxía aos supostos excluídos.

Conservación de contedores.

O Concello establecerá reservas especiais do espazo urbano para a carga e descarga e demais operacións necesarias para a correcta conservación dos contedores.

As persoas usuarias e a cidadanía en xeral teñen a obriga de conservar e de manter os contedores en adecuadas condicións de hixiene e seguridade, sendo responsables do deterioro que cós recipientes podan sufrir pola súa culpa, neglixencia ou imprudencia. A mesma obriga se establece para as barras protectoras, pivotes, barrotes, etc., ou marcas fixadas das zonas de recollida se as houbese.

Queda totalmente prohibido o desprazamento do lugar indicado dos contedores para cambialos de sitio, así como calquera manipulación nos mesmos que mesmo puidera dar orixe a situacións perigosas ou dificulten a recollida por parte do persoal do servizo correspondente.

TITULO III. CIRCULACIÓN DE ANIMAIS NA VÍA PÚBLICA

ARTIGO 7. Animais de Compañía

Se considerará animal de compañía os cans, gatos e demais animais que se críen e reproduzan coa finalidade de vivir coas persoas, xeralmente no seu fogar, sendo mantidos por estas para a súa compañía.

Os animais de compañía deberán cumprir cos requisitos que establezan as normas sectoriais e demais disposicións relativas a tenza de animais.

Das infraccións da normativa sectorial serán responsábeis as persoas que os conduzan, e/ou subsidiariamente os/as seus/súas propietarios/as.



ARTIGO 8. Prohibicións

Prohíbese o depósito de animais mortos nos contedores de recollida do lixo.

Prohíbese o ensuciamiento dos espazos públicos con excrementos e/ou restos de comidas de animais.

Prohíbese o abandono ou depósito de cadáveres de animais de calquera especie nos lixos domiciliarios, en calquera clase de terreos, así como arroxalos polo sumidoiro, aos ríos, lagoas, rede de sumidoiros así como enterralos en terreos de propiedade pública.

ARTIGO 9. Responsables

Os/as propietarios/as son directamente responsables dos danos ou afeccións a persoas, animais ou cosas, e de calquera acción que ocasione sucidade na vía pública polos animais da súa pertenza ou que incumpra a normativa sectorial sobre tenza de animais.

Será responsábel subsidiario/a, en ausencia do/a dono/a do animal, a persoa a cargo de quen estivera o animal no momento en que se producise a acción que ocasionou os danos e/ou a sucidade na vía pública.

TITULO IV. OBRAS E ACTIVIDADES DIVERSAS

ARTIGO 10. Valados de Protección

Para o desenvolvemento de obras, sen prexuízo da previa autorización municipal, será necesaria a colocación de valados e/ou elementos de protección, para evitar o ensuciamiento da vía pública.

ARTIGO 11. Vertido dos Residuos das Obras

Os escombros e residuos de obras deberán ser trasladados por parte do particular aos xestores autorizados, efectuando o preceptivo tratamento. Non se permite o depósito deste material nos contedores do servizo de recollida de lixo de titularidade municipal, nin tampouco, directamente, sobre a vía pública.

É obriga do construtor a limpeza da vía pública que resultase afectada pola execución da obra, como a entrada e saída de vehículos, ou a carga e descarga de material, respondendo do incumprimento de esta obriga o/a contratista e o/a promotor/a da obra.

Os escombros e materiais de obra maior deberán ser entregados a un xestor autorizado para o seu debido tratamento.

A produción e a xestión dos residuos que non cumpran as condicións para ser considerados residuos de obra menor de construción e reparación domiciliaria están sometidos ás previsións da normativa estatal e autonómica sectorial

O titular da licenza será responsable dos danos causados ó pavimento da vía pública, debendo comunicalo inmediatamente ós servizos municipais correspondentes no caso de térense producido, e correrán ó seu cargo as reparacións de ditos danos. O empresario e o promotor da obra serán responsables solidarios das obrigas que corresponden ao titular da licenza de instalación do contedor.

Será obrigatorio manter a vía pública en bo estado de limpeza adoptando medidas de prevención e, no seu caso, de corrección.

Poderase obrigar ao varrido da vía pública para mantela en adecuadas condicións de hixiene e limpeza.



O Concello poderá realizar subsidiariamente os traballos de limpeza necesarios, imputando as persoas que promovan ou executen as obras o custo de tales servizos e sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

Cando se trate de edificios en construción, a obriga de limpar a vía pública corresponderá ó contratista. Unha vez rematada a obra e recollidos a totalidade dos escombros e/ou materiais o contratista deberá deixar en perfecto estado tanto a vía pública coma a beirarrúa no seu caso. Os materiais empregados na reposición dos pavimentos afectados serán exactamente os mesmos que os existentes con anterioridade a execución das obras, excepto que na licenza municipal ou por orden municipal posterior se indiquen outros.

A efectos de garantir o cumprimento desta obriga, por parte dos servizos técnicos municipais esixirase o oportuno aval, que deberá ser depositado con anterioridade ao inicio das obras.

ARTIGO 12. Limpeza de espazos.

Están obrigados a limpar os espazos ocupados habitualmente polos vehículos de tracción mecánica, os responsables dos establecementos e industrias que os utilicen para o seu servizo, en especial en canto se refire aos vertidos de aceites, graxas ou produtos similares, así como tamén os restos de terra, esterco, etc., que queden no espazo público despois das labores agrarias nas fincas, especialmente ao saír os vehículos ás beirarrúas ou estradas, dos que serán responsables os donos das propiedades.

Os organizadores dun acto público na rúa serán responsables da sucidade derivada da celebración de tal acto na mesma

A sucidade da vía pública producida a consecuencia do uso común e privativo será responsabilidade dos seus titulares.

Os titulares de establecementos, sexan fixos ou non, tales como bares, cafés, quioscos, postos de venda e similares, terán a obriga de manter nas debidas condicións de limpeza tanto as propias instalacións como o espazo urbano sometido a súa influencia.

ARTIGO 13. Da colocación de carteis e pancartas na vía pública.

A colocación e pegado de carteis e pancartas en espazos públicos está suxeita a autorización municipal da Alcaldía.

A concesión da autorización para a colocación ou distribución de rótulos e demais elementos publicitarios, levará implícita a obriga para o responsable de limpar os espazos da vía pública que se mancharan, e de retirar dentro do prazo autorizado tódolos elementos publicitarios que se utilizaran e os seus correspondentes accesorios.

Para a colocación ou distribución na vía pública dos elementos publicitarios, o Concello poderá esixir a constitución de fianza ou aval bancario pola contía correspondente aos custos previsibles que puideran causar sucidade.

Prohíbese a colocación e pegada de carteis e adhesivos, con excepción dos casos expresamente autorizados pola Autoridade Municipal. E así:

*Prohíbese a colocación de carteis e pancartas en bens afectos a un servizo público municipal, tales como marquesiñas, contedores, farois, papeleiras, etc., ou en calquera outro mobiliario urbano existente.

Os promotores ou beneficiarios de publicidade responderán desta prohibición. O incumprimento da mesma dará lugar á imposición das sancións correspondentes, así



como a obriga do publicitario de proceder á retirada destes carteis e pancartas e de proceder á limpeza da parte afectada.

ARTIGO 14. Usos autorizados

A colocación de pancartas na vía pública require de autorización previa do Concello, e soamente se autorizará nos seguintes supostos:

- a) En período de eleccións políticas e sindicais.
- b) En período de festas populares e tradicionais dos distintos núcleos.
- c) En situacións expresamente autorizadas pola Alcaldía.

As pancartas deberán ser retiradas axiña remate o prazo para o que foron autorizadas. De non facelo así, poderán ser retiradas polos servizos municipais, imputándose aos responsábeis os custos correspondentes ao servizo prestado, sen prexuízo da imposición das sancións aos responsábeis por parte da Autoridade municipal.

ARTIGO 15. Transporte de materiais susceptibles de diseminarse

Os/as condutores/as de vehículos que transportaren materiais como terra, escombros, papeis ou calquera outra materia susceptible de diseminarse, deberán cubrir a carga con lonas, toldos, ou outras medidas que eviten que ditos produtos caian sobre a vía pública.

TITULO V. LIMPEZA DE SOLARES

ARTIGO 16. Limpeza de Solares e Fincas

Os/as propietarios/as dos solares e fincas están na obriga de manteos limpos, e en bo estado, evitando danos e prexuízos a bens públicos e a terceiros.

Así mesmo os propietarios, arrendatarios e usuarios de fincas, parcelas, e terreos en xeral deberán cumprir coas obrigas establecidas na lexislación reguladora en materia de prevención de incendios e/ou xestión da biomasa.

Estalle prohibido a calquera persoa arroxar e/ou depositar, tanto en solares públicos como privados, lixo, residuos industriais, residuos sólidos urbanos, escombros, maleza, obxectos fora de uso, e calquera outro produto de refugallo, que poida representar riscos para a saúde pública, para a prevención dos incendios, ou que incida negativamente no ornato público.

TITULO VI. LIMPEZA, MANTEMENTO E ORNATO DOS ELEMENTOS e PARTES EXTERIORES DOS INMOBLES

ARTIGO 17.

A) LIMPEZA E MANTEMENTO DOS ELEMENTOS E PARTES EXTERIORES DOS INMOBLES

Os/as propietarios/as dos establecementos comerciais, fincas e vivendas estarán obrigados a conservar o ornato público, limpando e mantendo axeitadamente as fachadas, entradas, e as instalacións complementarias como antenas de televisión, chemineas e calquera outro elemento ou parte visible do inmovible dende a vía pública.

B) ORNATO

Velarase polos usos e solucións arquitectónicas harmoniosas e respectuosas co medio urbanístico, coa paisaxe e co medio ambiente.

Velarase pola non existencia de infravivendas, construcións, infraestruturas ou obras humanas con alto grado de mediocridade, que degraden de algún modo o seu entorno, así como a coexistencia non harmoniosa de ordes e estilos arquitectónicos, e a mestura de materiais construtivos.



Tamén se velará polo integración urbanística de remates e de acabados exteriores de edificios, así como a carencia de revestimentos exteriores das edificacións, evitando que o ladrillo ou o bloque de formigón quede á vista.

Non se autorizan ornamentacións desproporcionadas ou incongruentes, así como os remates aberrantes de obras.

TITULO VII. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

CAPITULO 1. SANCIÓN

ARTIGO 18. Potestade Sancionadora

A potestade sancionadora das infraccións cometidas nesta materia se atribúe aos Alcaldes, tal e como establece no artigo 49.3 da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos y Solos Contaminados.

O procedemento sancionador rexeráse polo Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora.

ARTIGO 19. Deber de colaboración

As persoas ou entidades posuidoras, produtoras e xestoras de residuos e titulares inspección deberán permitir e facilitar ao funcionariado ou persoal do Concello, no exercicio das súas funcións, o acceso ás instalacións así como prestarlles colaboración e facilitarlles a documentación necesaria, ao seu requirimento, para o exercicio das labores de inspección.

CAPÍTULO 2. INFRACCIÓNS

ARTIGO 20. Infraccións leves

Consideraranse infraccións leves, ademais de incumprir calquera obrigação da presente Ordenanza, as seguintes:

- a) Depositar residuos fóra dos contedores ou fóra dos lugares indicados en cada caso.
- b) Realizar pintadas, así como colocar adhesivos e carteis nos contedores e demais elementos de mobiliario urbano.
- c) Depositar residuos a granel, residuos líquidos o licuables nos contedores (a excepción do aceite de cociña no seu contedor correspondente) ou materiais en combustión, explosivo ou tóxico.
- d) Depositar nos contedores de recollida selectiva residuos non indicados para eles, ou depositar no contedor da fracción resto residuos para os que exista recollida selectiva.
- e) Incumprir o calendario e/ou os horarios nos que se poden depositar os residuos nos contedores de residuos municipais.
- f) Depositar nas papeleiras residuos xerados nos fogares ou nos establecementos.
- g) Non facilitar ao Concello a información sobre os residuos compostados cando este o solicite.
- h) Depositar residuos de papel- cartón procedentes do comercio sen haber sido pregados, ou con incumprimento do establecido na presente Ordenanza.
- i) Depositar residuos de construción e demolición na vía pública por máis tempo do permitido.
- k) Entregar os restos vexetais en condicións distintas ás determinadas nesta ordenanza ou empregar a saca para distinto uso dos determinados nesta ordenanza.
- l) Abandonar calquera resto vexetal na vía pública, en terreos públicos, no canle ou marxes de ríos ou regatos ou en beirarrúas de camiños ou estradas.



- m) Danar os recipientes facilitados polo Concello dedicadas ao compostaxe.
- n) Rasgar, ensuciar ou arranxar carteis ou anuncios colocados nos lugares e emprazamentos autorizados, así como a colocación de carteis ou publicidade nos contedores e nos espazos públicos sen terse obtido a preceptiva autorización do Concello.
- o) Depositar na rúa excrementos ou restos de comida de animais domésticos.
- p) As actuacións contrarias ás obrigas de limpeza, mantemento e ornato dos elementos e partes exteriores dos inmobles de pouca consideración.
- q) Calquera outra actuación ou omisión contraria á ordenanza, que non teña a clasificación de grave ou de moi grave.

ARTIGO. 21.- Infraccións graves

Serán infraccións graves:

- a. Incumprir as obrigacións de limpeza da vía pública ao efectuarse a substitución ou retirada dos contedores ou sacos de residuos de construción e demolición e instalar contedores ou sacos sen autorización de ocupación de vía pública.
- b. Non facilitar ou presentar a información que acredite a xestión dos residuos e a xestión de subprodutos animais non destinados ao consumo humano nas condicións establecidas nesta ordenanza.
- c. Abandonar, verter, depositar ou eliminar de forma incontrolada residuos en espazos públicos ou privados, cando isto non supoña infracción moi grave.
- d. Depositar residuos nos contedores municipais por parte das persoas excluídas do servizo de recollida.
- e. Depositar nos contedores de residuos restos de carne ou peixe procedentes de establecementos de venda de este tipo de produtos.
- f. Impedir ou dificultar as operacións de carga, descarga e traslado dos residuos.
- g. Trasladar sen autorización municipal calquera contedor municipal sen permiso do Concello, así como non proceder a súa posterior colocación na localización orixinal nas debidas condicións.
- h. Non proceder á retirada de contedores ou sacos de residuos de construción e demolición solicitada polos servizos municipais por motivos medioambientais, de circulación ou con ocasión de eventos na vía pública.
- i. Depositar mobles, electrodomésticos, enseres ou calquera outro residuo voluminoso nos contedores destinados a outros residuos, así como o abandono destes residuos na vía pública ou en solares ou terreos tanto públicos como privados.
- j. Depositar pilas en bolsas ou contedores dedicados á recollida doutros residuos.
- k. Depositar cadáveres de animais ou restos dos mesmos nos contedores de residuos, así como su inhumación o incineración, cando isto non supoña infracción moi grave.
- l. Efectuar acopio ou vertido de residuos de construción e demolición en lugar non autorizado, cando isto non supoña infracción moi grave.
- m. Depositar residuos perigosos non admisibles nos contedores municipais.
- n. Obstaculizar ou impedir a labor inspectora ou de control municipal.
- o. A colocación de carteis e pancartas en bens afectos a un servizo público municipal, tales como marquesiñas, contedores, farois, papeleiras, etc., ou en calquera outro mobiliario urbano existente



p. Non manter en estado de limpeza os solares de propiedade privada segundo establece esta Ordenanza, e incumprir o establecido nas obrigas dos/as propietarios/as de terreos na normativa sectorial de prevención de incendios.

q. Aparcar nas beirarrúas ou nos espazos públicos onde estea expresamente prohibido.

r. O depósito de residuos fóra do recinto da instalación do punto de almacenaxe, ou incumprindo as condicións de entrega fixadas no seu regulamento.

s. Verter residuos non autorizados na rede pública de saneamento.

t. A comisión de dúas ou máis infraccións leves nun período de un ano.

u. A recollida de animais sen ter obtido os permisos e autorizacións pertinentes.

v. A inexistencia de actuacións de limpeza, mantemento e ornato dos elementos e partes exteriores dos inmobles, cando se considere grave da incoación do expediente sancionador.

w. A reiteración en mais de dúas faltas leves no prazo de un ano.

ARTIGO 22. Infraccións moi graves

Serán infraccións moi graves:

a. Substraer os contedores municipais.

b. Instalar contedores non autorizados para a recollida de residuos na vía pública.

c. Abandonar, verter, depositar ou eliminar de forma incontrolada residuos en espazos públicos ou privados, cando isto xere un risco grave para as persoas ou medio ambiente.

d. Acopiar ou verter residuos de construción e demolición en lugar non autorizado, cando isto xere un risco grave para as persoas ou o medio ambiente.

e. Abandonar, acopiar, depositar, verter ou eliminar residuos de/con amianto fóra das instalacións autorizadas e/ou sen xestor autorizado.

f. Danar gravemente os recipientes facilitados polo Concello, así como as instalacións dedicadas ao compostaxe.

g. Abandonar cadáveres de animais ou restos dos mesmos, así como su inhumación ou incineración, sempre que se puxera en grave perigo a saúde das persoas ou o medio ambiente.

h. Xestionar residuos de competencia municipal sen autorización do Concello.

i. Incumprir as ordenes, instrucións e bandos emanados polo Alcalde ou axentes da autoridade local.

j. A comisión de dúas ou máis infraccións graves no período dun ano.

CAPÍTULO 3. DAS SANCIÓNS

ARTIGO 23.

Sen prexuízo de exixir, cando proceda, as correspondentes responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes, as infraccións aos preceptos da presente ordenanza, serán sancionadas da seguinte forma:

1) Infraccións leves: multa de até 300 euros.

2) Infraccións graves: multa de entre 301 euros ata 900 euros.

3) Infraccións moi graves: multa de entre 901 euros ata 6.000 euros.

ARTIGO 24.

Para determinar a contía da sanción, atenderase ás circunstancias concorrentes nos feitos que a motivaron, tales como a natureza da infracción, a grave intencionalidade e a reincidencia, así como aqueles factores que poidan considerarse como atenuantes ou agravantes no caso.



En caso de que a infracción se efectúe coa intención de obter beneficio relacionado coa actividade económica do infractor, se imporá a sanción no límite que correspondese ao grado seguinte de infracción.

Ase mesmo, sen prexuízo da sanción penal ou administrativa que se impoña, os/as infractores estarán obrigados á reposición ou restauración das cousas ao ser e estado anteriores á infracción cometida, na forma e condicións fixadas polo órgano que impulsou a sanción.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Derrógase a anterior ordenanza de limpeza e medio ambiente do Concello de Campo Lameiro.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 da mesma.”

SEGUNDO. Someter devandita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde- Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

7.- PROPOSTA MODIFICACIÓN DENOMINACIÓN CALLES

Por parte do Sr. Alcalde se informa do escrito remitido polo SENADO de España solicitando do Concello, a petición do senador D. Carles Mulet García (GPMX) a emisión de informe e de expedientes abertos e actas de sesión plenarias onde conste o cambio de denominación de vías públicas con nomenclatura franquista, así como da correspondencia remitido ao I.N.E. para correxir a falla de actualización, no seu caso.

Se informa polo Sr. Alcalde que o único vial que consta oficialmente con denominación franquista é a denominada “Avda. José Antonio” no núcleo capitalidade do Concello.

Que o cambio da denominación de dito vial fora proposto por este Concello nos anos 90, retirándose pola forte oposición manifestada polos/as veciños/as afectados/as, non habéndose levado a cabo ningunha outra iniciativa para efectuar a substitución da referida nomenclatura.

Que se recoñece a obriga de proceder legalmente en consecuencia, e polo tanto, propón ao Pleno do Concello a constitución dunha comisión específica para que en breve prazo presente novamente ao Pleno do Concello unha proposta de cambio de denominación para o vial que actualmente figura como “Avda. José Antonio”, e con propostas de denominación para novos viais que na actualidade carecen do mesmo.

Manifestas os/as concelleiros/as presentes do Grupo Socialista a súa conformidade coa proposta presentada polo Sr. Alcalde.

Sacado o asunto a votación, por unanimidade dos/as oito membros presentes, dos nove que constitúen a Corporación, se acorda:



PRIMEIRO.- Proceder á constitución dunha Comisión encargada de elaboración de proposta para cambiar a denominación das rúas que se manteñan con denominación franquista.

Así mesmo, se formulará unha proposta de denominación de aqueles viais que permanecen sen denominación no casco urbán de Campo Lameiro.

SEGUNDO.- Determinar como membros desta Comisión un/unha representante de cada un dos dous grupos políticos da Corporación, actuando como presidente o Sr. Alcalde.

TERCEIRO.- Notificar do presente acordo ao Senado, co compromiso de dar cumprida notificación dos cambios que se acorden na denominación dos viais unha vez acordado polo Pleno do Concello.

8.- INFORMES ALCALDIA

****SINATURA CONVENIO CON INFRAESTRUTURAS AGRARIAS**

Se informa que no día de mañá, 30 setembro, vaise proceder á sinatura dun convenio coa Consellería de Medio Rural para acometer as obras de acondicionamento do vial ***PISTA CONLA*** dado que non puido incluírse no Plan Marco ao non levar no proxecto os prezos fixados por SEAGA, que son os que aplica a Consellería para as obras que financia.

Coa firma deste Convenio o Concello de Campo Lameiro non faría aportación económica ao financiamento da obra.

Queda informado o Pleno do Concello.

**** CENTRO ESTANCIA DE CAMPO LAMEIRO**

Se informa que a Xunta de Goberno acordou cursar solicitude de subvención á Deputación de Pontevedra para execución da obra "Centro de Estancia" a situar en terreos de San Miguel, presentando un proxecto mais completo das actuacións a executar, e polo tanto, por importe superior ao estudio inicial, xa que foi necesario efectuar un estudo xeotécnico dos terreos, e prever a zoa de acceso a través dunha parcela mais pequena que actualmente é titularidade da Igrexa Católica, estando en trámite de compra da mesma.

Que xa se ten comunicado á Igrexa á proposta de compra e prezo formulada polo Concello, e que a Igrexa, titular dos terreos non ten comunicado, tras varios meses, un prezo. Pero que é necesario comprar esos terreos, e que se lle pagará a Igrexa por eles. Que o prezo posiblemente non baixará de 25 euros/m².

Aquí se manifesta polos/as concelleiros/as presentes a súa disconformidade coas pretensións de pagar por prezo superior a 25 euros, dado que a Igrexa ten que ter en consideración que a construción é para un uso social, para ben de todos os veciños, e que este Concello sempre financiou obras de mellora das igrexas parroquiais sen pedir nada a cambio. E que consideran que pagar esos terreos, pola consideración urbanística que presentan, a 17-18 euros sería o mais adecuado, tal e como se manifesta no informe técnico que consta no expediente.

O Sr. Alcalde manifesta que todo é certo, mais que o único terreo necesario para executar o proxecto que pretende o Concello é o que resulta ser propiedade da Igrexa Católica, e eso obriga a conseguir algún tipo de entendemento co propietario.



CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

Tamén se manifesta que o novo proxecto aprobado é por importe superior aos 500.000 euros, solicitándose da Deputación un financiamento de algo menos de 400.000, prevíndose que a Consellería de Política Social financie 150.000 euros ao proxecto.

Tamén se informa que asíña o Concello teña comunicados os acordos de concesión das subvencións se procederá a contratación da obra, esperando que se poida efectuar antes do 31 de decembro deste ano.

Queda informado o Pleno.

** SANEAMENTO DE FRAGAS

Se informa que técnicos de AUGas de Galicia se personaron no Concello para efectuar un estudio para realizar o saneamento dos lugares pendentes de servizo da Parroquia de Fragas, tra-la proposta cursada por este Concello, conforme a un estudio básico encargado polo Concello a D. Evaristo Juncal Froján.

Que as actuacións entrarían dentro da programación de saneamento da ría de Pontevedra.

Que xa viñeron dúas empresas de enxeñería para facer os estudos previos sobre o terreo, e que plantexan facer o saneamento na súa integridade, incluído Reboredo, tendo a pretensión de entregalo en decembro., estando nestes intres co levantamento topográfico dos terreos.

Queda informado o Pleno.

9.- ROGOS E PREGUNTAS

Por parte da concelleira D^a Paz Vidal Fontenla se traslada ao Alcalde a petición de colocación dun punto de luz pública en Fragas, en Laxe, na baixada á vivenda de Fernando, que levan dous anos instando este servizo.

E non habendo mais, se levanta a sesión ás 15:05 horas

A secretaria

Mercedes González Budiño



Vº e praxe:

O alcalde

Julio G. Sayáns Bugallo